



Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible  
Dirección da Área de Rexeneración Urbana – Servizos Xerais  
☎ 6A3/2018/9 📠 6A3131001P

**A/O concelleira/o-secretaria/o da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 18 de xaneiro do 2019 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:**

**ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE**

**DIRECCIÓN DA ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA. SERVIZOS XERAIS**

**Asunto: Toma de coñecemento da listaxe de propostas admitidas e excluídas e adxudicación de premios con primeiro pagamento do Concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, desde o dique de Abrigo até a praia de Oza.**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

**PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da listaxe de propostas admitidas e excluídas** que se inclúe a continuación, elaborada consonte coas decisións adoptadas polo xurado, ao *Concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, desde o dique de abrigo até a praia de Oza*, publicada o 05.12.2018 no perfil do contratante do concello na Plataforma de Contratación do Sector Público, na que se aplicaron as bases do concurso aprobadas por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 06.08.2018, así como os motivos da exclusión de cada unha das propostas, todo segundo o contido da acta da 2ª reunión do xurado do día 30.11.2018:

**ADMITIDAS:**

Nº ORDE	LEMA
1	“Ciudad Puerto”
2	“Porto Metropolitano”.
3	“Growing Together”
4	“Nosfios”
5	“Porsuporto”
6	“1208/2018”
7	“Barrio 12”
8	“Sou”

## EXCLUÍDAS:

Nº ORDE	LEMA	MOTIVO EXCLUSIÓN (Base)
1	<a href="mailto:Port@Artabr@">Port@ Artabr@</a>	14.7 b
2	“Amodiño”	14.7 b
3	“Agora Mar”	14.7 b
4	“Acoruneno”	14.7 b
5	“Ballestrinque”	14.7 b
6	“Follaxe”	14.7 b
7	Sen Lema/ ”Pentagrama” (identificado no correo electrónico)	14.7 b
8	Sen Lema/ ”Futuros posibles” (identificado no correo electrónico)	14.7 b
9	“Porto Aberto”	14.7 d
10	“Redeiras”	14.7 b

“Agora Mar” e “Acoruneno”: O resumo executivo no primeiro caso excede dos 3000 caracteres que como máximo prevé a base 14.6.1.2. e no segundo caso non se presenta resumo executivo.

“Follaxe”, “Port@ Artabr@”, “Amodiño”, “Ballestrinque”, “Pentagrama”, “Futuros Posibles”: Algún dos paneis ten 4 ou máis megabytes, excedendo dos 3 Mb establecidos na base 14.6.1.3 “*para os efectos da súa subida á plataforma web municipal, cada un dos paneis poderá ter un tamaño máximo de tres megabytes (3 Mb)*”.

“Porto Aberto”: Presentado fora de prazo. O prazo remataba o día 08.11.2018 ás 13.30 horas e o resguardo de admisión do sobre no servizo de Correos realizouse ese día ás 18.53 horas.

“Redeiras”: Non se contempla na Memoria esixida un “*breve capítulo dedicado a cada un dos seguintes asuntos: A) Integración urbana entre porto e cidade; B) Mobilidade e accesibilidade; C) Sustentabilidade; D) Modelo económico; E) Participación cidadá*”, tal e como recolle a base 14.6.1.1.”

**SEGUNDO.- Considerar como propostas premiadas no Concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, desde o dique de abrigo até a praia de Oza, ás seguintes cinco propostas participantes, segundo a puntuación outorgada polo xurado do concurso que se recolle na acta da súa 3ª reunión do día 11.12.2018:**

Nº ORDE	LEMA	PUNTUACIÓN
1	“Ciudad Puerto”	20
2	“Porto Metropolitano”.	27
3	“Growing Together”	42
4	“Nosfios”	50
5	“Porsuporto”	67

**TERCEIRO.- Adjudicar os premios do Concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, desde o dique de abrigo até a praia de Oza, ás persoas integrantes das propostas premiadas e os equipos multidisciplinares correspondentes, con reparto do primeiro pagamento dos premios por importe total de 75.000 € (IVE incluído), conforme aos seguintes datos obtidos dos Formularios de datos persoais e Documentos europeos únicos de contratación presentados por cada unha das propostas premiadas, e conforme co contido da acta da 4ª reunión do xurado do día 27.12.2018:**

Nº ORDE	PARTICIPANTES	NIF	% PART.	IMPORTE IVE incluído
1	<b>Equipo multidisciplinar lema PORSUPORTO:</b> Habitat Social Sociedade Cooperativa Galega Partidarios da Cidade, S. Coop. Galega Flu-or Sociedade Civil Cosme Damián Romay Cousido	F70302880 F70497979 J70416342 35470309P	40% 20% 30% 10%	6.000 € 3.000 € 4.500 € 1.500 €
2	<b>Equipo multidisciplinar lema NOSFÍOS:</b> Creus y Carrasco Arquitectos, SLP	B70019310	100%	15.000 €
3	<b>Lema GROWING TOGETHER:</b> Enrique Urcola Telleira	47372758A	100%	15.000 €
4	<b>Equipo multidisciplinar lema PORTO METROPOLITANO:</b> Francisco Javier Fernández Fidalgo Juan Álvarez Villar Carlos García Seco Enrique Pérez Rodríguez-Carmona Francisco Varela Bermúdez Noelia Domínguez Domínguez	47385274F 36157156Y 53309185S 47383780P 47387313E 76734579R	18,50% 18,12% 18,12% 18,12% 18,12% 9,02%	2.775 € 2.718 € 2.718 € 2.718 € 2.718 € 1.353 €
5	<b>Equipo multidisciplinar lema CIUDAD PUERTO:</b> Jordi Henrich Monrás Joan Alemany Llovera Estratègia Momentumco, S.L. Ingeniería de Tráfico, S.L. Estudi Xavier Mayor et al, S.L.	36961859P 36476802K B66675935 B08399925 B64883200	70,82% 20% 3,45% 2,28% 3,45%	10.623 € 3.000 € 517,50 € 342 € 517,50 €

**CUARTO.- Autorizar, comprometer e imputar o gasto correspondente ao primeiro pagamento dos premios do concurso, por importe total de 75.000 € (IVE incluído), con cargo a aplicación orzamentaria 30.151.22706 do presuposto municipal en vigor (Orzamento municipal do 2018 prorrogado).**

**QUINTO.- Requirit das propostas premiadas a presentación da seguinte documentación consonte co disposto na Base 14.6.4 para a apertura do trámite de participación cidadá contida na Base 11.2 do prego de bases do concurso, para o que se lles outorga un prazo DUN MES que comezará ao día seguinte da publicación do acordo de adjudicación dos premios no perfil do contratante do concello na Plataforma de Contratación do Sector Público:**

Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible  
Dirección da Área de Rexeneración Urbana – Servizos Xerais  
📁 6A3/2018/9 📄 6A3131001P

## DOCUMENTACIÓN

- Memoria, que poderá ter unha extensión máxima de cincuenta (50) follas en formato Din-A4, escritas por ambas as dúas caras, incluídas portadas e contraportadas, e que deberá cumprir os mesmos requisitos esixidos para a memoria entregada coa solicitude inicial, contidos na base 14.6.1.1.
- Cinco (5) paneis Din-A0, que deberán cumprir os mesmos requisitos esixidos para os paneis entregados coa solicitude inicial, contidos na base 14.6.1.3.

## CONDICIÓN E REQUISITOS DA DOCUMENTACIÓN

Tanto a devandita memoria como os paneis deberá entregarse en formato dixital, nun CD ou DVD, en formato pdf (identificando os arquivos como “lema\_memoria.pdf” e “lema\_panel\_NÚM.pdf” – un pdf por cada un dos paneis), e tamén en formato papel (a memoria) e en formato ríxido (os paneis).

Será obrigatorio tamén entregar no CD ou DVD un vídeo de presentación da proposta dunha duración máxima de tres minutos, debendo subministrar un enlace que permita ao Concello subilo á súa canle. Este vídeo deberá dar resposta de maneira ordenada a cada un dos cinco criterios de valoración que se formulan de cara a facilitar a comprensión da cidadanía.

Os idiomas de redacción da devandita documentación e do vídeo serán, necesariamente, o galego e o castelán, ambos os dous idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (o vídeo poderá empregar unha calquera das dúas linguas e necesariamente incluírá os subtítulos na outra). Adicionalmente, poderase empregar a lingua inglesa.

Esta documentación non poderá modificar a proposta presentada nin engadir outras novas ideas, senón unicamente desenvolver as xa presentadas segundo as consideracións que se realizaron no informe do xurado.

**SEXO.- Requirir das persoas integrantes das propostas premiadas** ás que se lles adxudicou os premios, e coa finalidade de realizar o primeiro pagamento dos premios, a presentación dunha factura co IVE desagregado e, de ser o caso, coa retención correspondente do IRPF, así como a documentación acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Facenda municipal e a Seguridade Social, ou autorizar ao concello a realizar as consultas pertinentes segundo o modelo que se achegará coa notificación deste acordo.

A presentación da factura polo importe correspondente realizarase a través do *Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado* (cuxa dirección é <https://face.gob.es/es/>) ao que se atopa adherido o Concello da Coruña. A factura incluírá o IVE como partida independente, e conterá os seguintes datos:

Número de expediente: **6A3/2018/9**

Obxecto: primeiro pagamento do *premio adxudicado no Concurso de ideas para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña*

Oficina contable: LA0002336

Órgano xestor: LA0002331

Unidade tramitadora: GE0000919

A factura deberá ser emitida pola propia persoa que resulte premiada consonte con este acordo de adxudicación, xa sexa persoa natural ou xurídica, ou adopte a forma de UTE. No caso dos equipos multidisciplinares, ao solicitaren no formulario de datos persoais, as súas persoas integrantes deberán emitir facturas de forma proporcional á porcentaxe de participación no traballo de cada

Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible  
Dirección da Área de Rexeneración Urbana – Servizos Xerais  
📁 6A3/2018/9 📄 6A3131001P

unha delas indicada no devandito formulario, e polo importe do primeiro pagamento recollido no cadro do apartado terceiro deste acordo. Deberá presentarse tamén o certificado do IBAN da conta bancaria onde se pretenda que o concello realice o pagamento, no caso de ser a primeira vez que se presenta unha factura a esta administración.

**SÉTIMO.- Dispoñer a publicación** deste acordo de adxudicación dos premios do concurso no perfil do contratante do concello na Plataforma de Contratación do Sector Público e a **notificación** ás persoas representantes das propostas premiadas, consonte co disposto na Base 15.1 do prego de bases que rexe o concurso.

**OITAVO.- Informar** ás persoas representantes das propostas premiadas de que no suposto de que non presenten a documentación esixida na base 14.6.4, decaerán no seu dereito a recibir o premio, debendo reintegrar as cantidades, de ser o caso, xa percibidas.

**E para que conste, expido a presente certificación, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta, na Coruña, á data da sinatura electrónica do presente documento**